



**Que os logros deste ano
sexan só as sementes para ser plantadas
e que se cultiven
con enorme éxito nos vindeiros anos.**



**Bo nadal
Feliz Ano 2025!**

PROGRAMACIÓN OUTONO-INVERNO 2024-2025

NOVEMBRO

Día 16, sábado **ORFEÓN MARIÑEIRO DO BERBÉS**
No Auditorio do Centro Cultural, ás 20:00 h.

Día 17, domingo **TEATRO DE OUTONO**
DE STE XEITO... "RUNNING. Unha suorenta comedia"
No Auditorio do Centro Cultural, ás 19:30 h.

Día 22, venres **Asemblea Cemiterio Parroquial**
Ás 20:00 h. en 2ª convocatoria, no Auditorio do CVC de Valladares

Día 23, sábado **Celebración de SANTA ICÍA (CECILIA)**
Na igrexa parroquial, ás 18:00 h. misa cantada pola

CORAL POLIFÓNICA DO CVC DE VALLADARES

No Auditorio do noso Centro Cultural, ás 19:30 h. **"UNIÓN MUSICAL" DE VALLADARES**

Día 24, domingo, ás 18:30 h.

Celebración do Día Internacional contra a Violencia da Muller
CONCERTO CORAL: Orfeão de são Pedro da Cova,
"Aires Novos" de Nigrán , Coral polifónica do CVC de Valladares
No Auditorio do Centro Cultural, ás 19:00 h

DECEMBRO:

Día 8, domingo **FESTA DOS MAIORES... XANTAR DE CONFRATERNIDADE**

Ás 12:00 h. Misa da Inmaculada na igrexa parroquial

A partir das 14:00 h. Xantar nun Restaurante da nosa parroquia, con sesión de Baile para rematar.

Día 15, domingo **OUTONO MUSICAL Banda Escola de Música de BEADE**

No Auditorio do Centro Cultural, ás 19:00 h.

Día 20, venres **Festival Nadal**

ESCOLAS DE PATINAXE DO CVC DE VALLADARES

Ás 19:30 h., no Pavillón Polideportivo do Pedregal

Día 21, sábado **O APALPADOR...** A partir das 18:00 h., no Auditorio do Centro Cultural, estaranos visitando, para saudar a todos os nenos e nenas de Valladares. Virá cargado de caramelos.

AUDICIÓN "FIN DE AÑO" ESCOLA DE MÚSICA DE VALLADARES

SORTEO DA CANASTRIÑA... Teremos o clásico sorteo da Canastriña e paquetes surtidos, con produtos típicos das festas do Nadal. Dito sorteo será en combinación co nº de Socio/a

Día 22, domingo **CONCERTO "FIN DE AÑO"**

"UNIÓN MUSICAL" DE VALLADARES

No Auditorio do noso Centro Cultural, ás 19.00 h.

Día 25, mércores **MISA DE NADAL**

Na igrexa parroquial, ás 12:30 h., cantada pola

CORAL POLIFÓNICA DO C.V.C. DE VALLADARES.

LOTERÍA DO NADAL

>>>

64502

Dispoñemos de **participacións de 5 euros** para repartir entre os/as socios/as que así o desexen, **a partir do día 4 de novembro.**

Poden pasar a recollelas na Secretaría do noso Centro –en horario de oficina– **antes das 15.00 h. do día 18 de decembro.**

RONDALLA

REIS MAGOS-2025

Non cabe dúbida que a tradicional **RONDALLA DO CENTRO CULTURAL DE VALLADARES** tamén sairá nas vindeiras festas do Nadal. Faremos algunhas saídas fora da nosa contorna, que anunciaremos oportunamente. Teremos tres días para percorrer os barrios da nosa parroquia.

Para completar estas celebracións, tamén teremos representación na Igrexa parroquial, o propio **Día de Reis, ás 12.30 h.**, pois estarán presentes os **Reis Magos** para acompañar ó Neno e tamén oiremos unha boa selección de Cantos do Nadal a cargo das **Cantareiras do Nadal**, do noso Centro Cultural. Rematada a Misa, os Reis repartirán caramelos a todas aquelas persoas que pasen por xunto deles e acompañarán –por última vez este ano– a nosa Rondalla, que dará unha exhibición no **adro parroquial.**

VODAS DE OURO MATRIMONIAIS

Celebraranse o 16 de febreiro de 2025

